

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **22 de novembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

4.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MEDIANTE CONCESIÓN DA CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 12242/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.11.13, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 20.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €) e coas seguintes prestacións accesorias:

- Destinará ó investimento inicial en equipamento deportivo o importe de 976.000 euros, IVE excluído, sendo o importe correspondente o IVE de 204.960 euros.
- O prezo do abono individual adulto, calculado para 1 mes (sen aplicar matrícula en caso de existir) é de 36,35 euros IVE incluído.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e dous de novembro do ano dous mil trece.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.